

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 15003** *CORRECCIÓN de erros da Orde ITC/2212/2007, do 12 de xullo, pola que se establecen obrigas e requisitos para os xestores de múltiples dixitais da televisión dixital terrestre e pola que se crea e regula o rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre. («BOE 188», do 7-8-2007.)*

Advertido erro na Orde ITC/2212/2007, do 12 de xullo, pola que se establecen obrigas e requisitos para os xestores de múltiples dixitais da televisión dixital terrestre e pola que se crea e regula o rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 20, do 21 de xullo de 2007, transcribíbase a seguir a oportuna rectificación:

Na páxina 2620, no título do anexo III, onde di: «Protocolo de medidas radioeléctricas e xeográficas para emisores, reemisores e gap-fillers de televisión dixital terrestre», debe dicir: «Protocolo de medidas radioeléctricas e xeográficas para emisores e reemisores de televisión dixital terrestre».

- 15113** *RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral de Industria, pola que se actualiza o anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, no relativo aos parámetros que determinan a media do consumo dos vehículos de turismo novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro no territorio español. («BOE» 189, do 8-8-2007.)*

O anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ao consumo de combustible e ás emisións de CO<sub>2</sub> dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro no territorio español, establece, no seu último parágrafo, que a actualización das ecuacións e dos valores dos coeficientes, a a' e b' se realizará, cando proceda, por resolución da Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica, cuxas funcións foron asumidas pola Secretaría Xeral de Industria do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Os valores dos coeficientes a e b e a' e b' varían anualmente á medida que varían as características dos vehículos de gasolina e gasóleo comercializados. Entre estas características cabe destacar os consumos homologados e a superficie que ocupan os vehículos. Ao se tratar dun sistema comparativo de clasificación enerxética, entre os vehículos de cada categoría, faise necesaria a actualización dos valores dos devanditos coeficientes para evitar que se desvirtúe a clasificación enerxética e se produzan desprazamentos ficticios dos novos vehículos analizados, cara a clases de eficiencia enerxética superiores, debido á progresiva diminución dos consumos mixtos dos vehículos comercializados.

Na súa virtude, resolvo:

Primeiro.–Substituír, por actualización, os valores dos coeficientes a e b para vehículos con motor de gasolina e a' e b' para vehículos con motor de gasóleo utilizados para determinar o cálculo da media do consumo para cada vehículo de turismo en función da súa superficie e

que se determinan no anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polos valores que se citan a continuación:

Motores de gasolina, valor a= 2,1333; valor b= 0,1828.  
Motores de gasóleo, valor a'=1,7052; valor b'=0,1680.

Segundo.– Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao de súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de xullo 2007.–O secretario xeral de Industria, Joan Trullén Thomàs.

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

- 15157** *ORDE EHA/2444/2007, do 31 de xullo, que desenvolve o Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, aprobado por Real decreto 925/1995, do 9 de xuño, en relación co informe de experto externo sobre os procedementos e órganos de control interno e comunicación establecidos para previr o branqueo de capitais. («BOE» 190, do 9-8-2007.)*

A reforma operada pola Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, estendeu o catálogo de obrigacións impostas pola Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, introducindo no seu artigo 3.7 a exigencia de que os procedementos e órganos de control interno e comunicación dos suxeitos obrigados fosen obxecto de exame anual por un experto externo.

Posteriormente, o Real decreto 54/2005, do 21 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento da Lei 19/1993, aprobado por Real decreto 925/1995, incide nesta obrigación, sinalando o novo número 7 acrescentado ao seu artigo 11 que os resultados do exame serán consignados nun informe escrito de carácter reservado que describirá detalladamente as medidas de control interno existentes, valorará a súa eficacia operativa e propondrá, se for o caso, eventuais rectificacións ou melloras. Así mesmo, en atención ao distinto réxime que preside toda a normativa de prevención do branqueo de capitais en función do sector de actividade de que se trate, o Regulamento flexibiliza esta obrigación para os suxeitos de réxime especial, permitindo, con determinadas cautelas, que o exame externo se leve a cabo cada tres anos.

Con base nestas consideracións, preténdese detallar, a través desta orde, o alcance e contido da referida obrigación, especificando unha estrutura a que se deberá axustar o informe escrito e concretando os aspectos mínimos sen os cales non se poderá considerar cumprida a obrigación de que os procedementos e órganos de control interno e comunicación sexan obxecto de exame por un experto externo.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación normativa contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 925/1995, do 9 de xuño, conforme a cal o ministro de Economía e Facenda, precedendo o cumprimento dos trámites legais oportunos, ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do Regula-

mento da Lei 19/1993, do 28 de decembro. Conforme o establecido no artigo 13.2.e) da Lei 19/1993, do 28 de decembro, a Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias emitiu informe preceptivo na súa sesión do 18 de xullo de 2006.

Na súa virtude, dispoño:

#### Artigo 1. *Aprobación do modelo de informe.*

1. Por esta orde apróbase como modelo de informe o que contén o anexo, ao cal se deberá axustar o emitido polo experto externo, de acordo co disposto no artigo 11.7 do Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais.

#### Artigo 2. *Contido do informe.*

O informe describirá detalladamente as medidas de control interno existentes, valorará a súa eficacia operativa e proporá, se for o caso, eventuais rectificacións ou melloras.

#### Artigo 3. *Cobertura do modelo de informe.*

1. O modelo de informe contido no anexo recolle a información mínima que se debe consignar. Cando non proceda a consignación dalgunha epígrafe ou subepígrafe, deberase sinalar expresamente no informe, indicando os motivos.

2. No informe deberase engadir calquera outro aspecto relativo aos procedementos e órganos de control interno e comunicación que, atendendo ás peculiaridades do suxeito obrigado, se considere relevante para a prevención do branqueo de capitais.

#### Artigo 4. *Valoración da eficacia operativa.*

1. A valoración da eficacia operativa deberase referir, como mínimo:

- a. Á idoneidade das medidas de control interno asociadas aos procesos de xestión do risco de branqueo de capitais.
- b. Á racionalidade do seu deseño teórico.
- c. Á súa operatividade práctica.

2. Ao efectuar a valoración que en cada caso proceda, explicaranse detalladamente os aspectos concretos obxecto de comprobación e as probas practicadas, os resultados obtidos, ben como os achados ou incidencias xurdidos das verificacións.

3. Cando se realicen probas substantivas, mediante a selección de elementos específicos, deberanse explicar as razóns do tamaño e características da mostra elixida, indicando, cando for o caso:

- a. O número de axencias ou sucursais a que afecta.
- b. Os tipos de clientes seleccionados.
- c. Os tipos de produtos elixidos.
- d. As datas dos contratos ou do inicio da relación de negocio.
- e. A porcentaxe de contratos e relacións de negocio revisadas sobre o total dos existentes.

4. Cando se realicen probas de procedemento e o método de comprobación sexa o de mostraxe estatística, indicarase:

- a. A poboación sobre a cal se realiza a mostra, asegurándose de que esta sexa adecuada e completa.
- b. O tamaño da mostra seleccionada e o método seguido para a súa selección.
- c. O deseño da mostra, en función dos obxectivos da proba e os atributos da poboación de que se extraerá a

mostra, ben como a taxa de erro tolerable que espera encontrar nesa poboación.

d. O nivel de confianza utilizado indicando se se realiza estratificación ou non, as razóns e a posible extrapolação da estratificación.

e. A análise dos erros detectados en función dos resultados da mostra, indicando as súas causas, o seu posible efecto sobre os obxectivos da mostra específica e a súa posible extrapolação.

#### Artigo 5. *Datas dos informes.*

1. Sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do artigo 11.7 do Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, a data de referencia do informe non poderá ser superior a un ano natural, contado desde a data de referencia do informe anterior.

2. O informe describirá a situación da entidade na data de referencia, sen que sexa obrigatoria a súa coincidencia coa data de feche do exercicio contable.

3. O informe deberase emitir o antes posible sen que, en ningún caso, poida exceder dous meses, contando desde a data de referencia do informe.

#### Artigo 6. *Destinatarios dos informes.*

1. O informe terá carácter reservado e estará ao dispor do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias durante os seis anos seguintes á súa realización.

2. As deficiencias máis significativas apreciadas e as súas propostas de rectificación ou mellora deberán ser reportadas ao Consello de Administración ou, se for o caso, ao órgano de administración ou ao principal órgano directivo da entidade, no prazo máximo de tres meses desde a data de emisión do informe.

#### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

### ANEXO

#### **Exame externo sobre os procedementos e órganos de control interno e comunicación establecidos para previr o branqueo de capitais**

Datos xerais do informe:

A. Identificación do suxeito obrigado obxecto do informe indicando expresamente o seu número de identificación fiscal e, se for o caso, as filiais incluídas no grupo que quedan suxeitas ao informe.

B. Data de referencia do informe.

C. Datas de emisión e referencia do anterior informe de experto externo, con indicación expresa da súa autoría e resultado xeral.

D. Resumo das principais medidas de control interno implantadas polo suxeito obrigado, da valoración da súa eficacia operativa e das propostas de rectificacións ou melloras.

E. No caso dos suxeitos de réxime especial, indicarase se optan por realizar o exame externo anualmente ou cada tres anos.

F. Identificación do experto externo, número de identificación fiscal e descrición detallada da súa formación académica e traxectoria profesional. Sinatura e data de emisión do informe.

#### *0. Información xeral sobre o suxeito obrigado*

a. Datos básicos do suxeito obrigado, indicando o seu nome ou denominación social, número de identifica-

ción fiscal, domicilio e obxecto social e inscrición nos rexistros oficiais.

i. descrición;

b. Información sobre a actividade e características do suxeito obrigado que se considere relevante desde a perspectiva da prevención do branqueo de capitais, especificando, se for o caso, os factores de risco apreciados.

i. descrición;

c. Número de axentes, mediadores ou outros representantes que comercialicen produtos do suxeito obrigado ou a través dos cales opere, con indicación da súa distribución xeográfica e do ámbito a que se estende a súa actuación.

i. descrición;

d. Grupo en que se encadra o suxeito obrigado.

i. descrición;

e. Relación de filiais que, se for o caso, existen, indicando para cada unha delas:

1.º Obxecto social.

2.º Porcentaxe de participación.

i. descrición.

### 1. Normativa interna

a. Relación de normas internas e procedementos establecidos para a prevención do branqueo de capitais, con indicación expresa do órgano que as aprobou, ámbito de aplicación, forma de distribución entre os empregados e datas de aprobación, de entrada en vigor, da última actualización e de comunicación ao Servizo Executivo.

i. Descrición;

ii. Valoración da eficacia operativa;

iii. Deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

### 2. Órganos de control interno e comunicación

a. Representante ante o Servizo Executivo do suxeito obrigado, con indicación expresa do seu nome, número de identificación fiscal, cargo, data de nomeamento e funcións. Cumprimento dos requisitos exixibles. Réxime de suplencia.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

b. Órganos de control interno e de comunicación, con indicación expresa da súa composición, localización xerárquica, dependencia funcional, cargo dos seus membros, número de identificación fiscal de cada un deles, funcións, constitución, periodicidade das reunións, elaboración e conservación de actas.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

c. De existir, persoa ou unidade operativa dedicada á prevención do branqueo de capitais, con referencia expresa do número de identificación fiscal, funcións, dependencia funcional, procedementos, grao de dedicación a esas tarefas e composición caso de se tratar dunha unidade.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

d. Órganos de administración do suxeito obrigado, con indicación do número de identificación fiscal, funcións, atribucións e competencias en materia de prevención do branqueo de capitais.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

### 3. Identificación e coñecemento dos clientes

a. Procedementos de identificación de clientes, con indicación expresa da norma interna en que se recollen e o seu contido.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

b. Procedementos de coñecemento de clientes, con indicación expresa da norma interna en que se recollen, contido, formularios de identificación e coñecemento do cliente e medidas establecidas para a actualización da información existente.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

c. Procedementos de verificación das actividades declaradas polos clientes, con indicación expresa da norma interna en que se recollen, o seu contido e a determinación dos documentos a solicitar para a verificación da actividade.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

d. Procedementos existentes para coñecer os beneficiarios últimos de relacións con clientes que actúan por conta allea e para coñecer a estrutura accionarial e de control das persoas xurídicas con indicación expresa da norma interna en que se recollen e o seu contido.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

e. Excepcións á obrigação de identificar con indicación expresa da norma interna en que se recollen e o seu contido.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

f. Política de admisión de clientes existente, con indicación expresa da norma interna en que se recolle, o seu contido, a estratificación dos clientes en función do seu nivel de risco, ben como as precaucións adicionais establecidas para os clientes con risco superior ao risco medio.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

g. Medidas adicionais de identificación e coñecemento do cliente establecidas nas áreas de negocio e

actividades máis sensibles, con indicación expresa da norma interna en que se recollen e o seu contido.

Entre outras, farase referencia expresa ás seguintes áreas:

- 1.º) Banca privada.
- 2.º) Banca de correspondentes.
- 3.º) Actividade non presencial ou a distancia realizada a través de medios telefónicos, electrónicos ou telemáticos.
- 4.º) Actividade de cambio de moeda e xestión de transferencias.
- 5.º) Outros produtos ou clientes de maior risco, tales como persoas do medio político (PEP's), zonas xeográficas de alto risco, ou outros considerados como tales por parte do suxeito obrigado.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

h. No caso de transferencias de fondos emitidas ou recibidas, medidas de verificación da existencia dos datos de identificación do ordenante e, se for o caso, da persoa por conta da cal aquel actúe, tanto na transferencia como nas mensaxes relacionadas con ela a través da cadea de pagamento, con indicación expresa da norma interna en que se recollen e o seu contido.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

#### 4. *Conservación da documentación de clientes e operacións*

a. Medidas establecidas para a conservación da documentación relativa á identificación e coñecemento dos clientes, con indicación expresa do período de conservación.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

b. Medidas establecidas para a conservación da documentación das operacións realizadas, con indicación expresa do período de conservación.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

#### 5. *Detección de operacións susceptibles de estar relacionadas co branqueo de capitais*

a. Relación de operacións susceptibles de estar particularmente vinculadas co branqueo de capitais nas diferentes áreas de negocio do suxeito obrigado. Procedemento de difusión.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

b. Funcionamento, se for o caso, da aplicación informática, con referencia expresa ás persoas encargadas dela e ao manual explicativo do funcionamento da aplicación, indicando ao menos:

- 1.º) Sistemas de alertas e limiares de risco definidos.
- 2.º) Sistemas de elaboración de perfís de comportamento.

3.º) Informes dispoñibles para a súa análise posterior.

4.º) Acceso a outras aplicacións informáticas da entidade que conteñan información relevante desde a perspectiva da prevención do branqueo de capitais.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

c. Procedemento interno de comunicación de operacións sospeitosas por parte do persoal e directivos ao órgano de control interno: formulario interno e canles para realizar a comunicación; sistemas de rexistro e seguimento; información ao persoal e directivos do curso dado á súa comunicación.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

#### 6. *Análise de operacións susceptibles de estar relacionadas co branqueo de capitais*

a. Persoas ou departamentos encargados, número de operacións analizadas no período obxecto de informe e frecuencia con que se realiza a análise.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

b. Procedemento de análise das operacións susceptibles de estar relacionadas co branqueo de capitais: fases, peticións de información adicional, elaboración de informes.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

c. Procedementos polos cales o órgano de control interno e comunicación decide cando unha operación presenta indicios para ser comunicada ao Servizo Executivo como sospeitosa. Reflexo documental das decisións adoptadas e das razóns en que se basean. Control do cumprimento das decisións. Porcentaxe de operacións comunicadas sobre o total analizado.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

#### 7. *Comunicación de operacións susceptibles de estar relacionadas co branqueo de capitais*

a. Procedemento de comunicación de operacións sospeitosas ao Servizo Executivo, indicando a norma que o recolle, contido, formulario, método de comunicación e prazos.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;
- iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-ras propostas.

b. Abstención de execución de operacións, con indicación expresa do procedemento que se vai seguir, persoas encargadas da toma de decisións e procedemento de comunicación aos empregados sobre a forma de proceder.

- i. descrición;
- ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

c. Procedementos e medidas implantadas para ase-  
gurar que non se revela ao cliente nin a terceiros que se  
transmitiron informacións ao Servizo Executivo ou que se  
está a examinar algunha operación por se puider estar  
vinculada ao branqueo de capitais.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

d. Se for o caso, comunicación telemática de opera-  
cións.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

#### 8. Declaración mensual obrigatoria de operacións

a. Medidas establecidas para a determinación das  
operacións que deben ser comunicadas e límites estable-  
cidos.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

b. Medidas aplicadas para a detección do posible  
fraccionamento de operacións.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

c. Procedemento previsto para realizar o *excep-  
cionamiento de clientes* da declaración mensual obrigatoria,  
indicando a normativa interna en que se recolle, órganos  
ou persoas con facultades para autorizalo, criterios, pra-  
zos de excepciónamento e constancia escrita dos clientes  
excepcionados e dos motivos que o fundamentan.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

d. Procedemento de elaboración da declaración  
mensual obrigatoria, indicando as persoas ou departa-  
mentos encargados de realizalo e os medios informáticos  
que, se for o caso, se empregan.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

e. Medidas establecidas para a realización da decla-  
ración semestral negativa en caso de inexistencia de ope-  
racións para comunicar.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

f. Procedementos establecidos para analizar se  
algunha das operacións comunicadas na declaración  
mensual obrigatoria presenta indicios ou certeza de estar  
relacionada co branqueo de capitais.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

g. Procedementos establecidos por parte dos suxei-  
tos obrigados relacionados no artigo 2.1. da Lei 19/1993,  
do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de pre-  
vención do branqueo de capitais, para comunicar men-  
sualmente ao Servizo Executivo calquera operación en  
que interveñan que supoña movementos de medios de  
pagamento suxeitos a declaración obrigatoria. Comunica-  
ción, se for o caso, da negativa do suxeito obrigado a  
exhibir ou presentar a declaración.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

h. Se for o caso, medidas establecidas por parte das  
entidades de crédito para comprobar e dilixenciar os for-  
mularios S-1 nos supostos previstos normativamente e  
remitir ao Servizo Executivo a información que proceda.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

#### 9. Cumprimento dos requirimentos do servizo executivo ou outras autoridades

a. Procedemento establecido para a contestación  
aos requirimentos de información do Servizo Executivo  
ou outras autoridades en materia de prevención do bran-  
queo de capitais. Persoas encargadas e medios utiliza-  
dos.

i. descrición;  
ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

#### 10. Formación

a. Relación dos cursos realizados desde a anterior  
revisión por experto externo, con indicación expresa do  
seu contido, se se realiza presencialmente ou a distancia,  
data, duración, número de asistentes, porcentaxe que  
representa sobre o total de empregados, ben como o sis-  
tema de avaliación dos coñecementos adquiridos.

i. descrición;

b. Política formativa en materia de prevención do  
branqueo de capitais, con indicación expresa sobre o pro-  
grama de cursos, material, contido, duración, emrega-  
dos a que vai dirixido e perfil dos formadores.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

#### 11. Filiais e sucursais

a. Medidas de control establecidas polo suxeito obri-  
gado do cumprimento da normativa e dos procedemen-  
tos internos en materia de prevención do branqueo de  
capitais das súas filiais españolas.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;  
iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

b. Filiais no estranxeiro que realicen unha actividade  
que determinaría en España a condición de suxeito obri-  
gado, indicando ao menos para cada unha delas:

1.º) Obxecto social.

2.º) País e domicilio.  
 3.º) Porcentaxe de participación.  
 4.º) Informe de expertos externos, auditores internos ou externos. Data e principais conclusións do último informe sempre que isto non sexa contrario á lexislación do Estado en que se encontran establecidas.

5.º) Organismo que supervisa o cumprimento por elas da normativa de prevención do branqueo de capitais a que se encontran suxeitas.

6.º) Información sobre a actividade e características da filial que se considere relevante desde a perspectiva da prevención do branqueo de capitais, especificando, se for o caso, os factores de risco apreciados.

i. descrición;

c. Sucursais no estranxeiro, indicando ao menos para cada unha delas:

1.º) País e domicilio.

2.º) Informe de expertos externos, auditores internos ou externos. Data e principais conclusións do último informe, sempre que isto non sexa contrario á lexislación do Estado en que se encontran establecidas.

3.º) Organismo que supervisa o cumprimento por elas da normativa de prevención do branqueo de capitais a que se encontran suxeitas.

4.º) Información sobre a actividade e características da filial que se considere relevante desde a perspectiva da prevención do branqueo de capitais especificando, se for o caso, os factores de risco apreciados.

i. descrición;

d. Procedementos e políticas de prevención do branqueo de capitais de filiais e sucursais estranxeiras respecto aos exixidos pola normativa española.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

e. Medidas establecidas polo suxeito obrigado para garantir que as súas sucursais e filiais no estranxeiro teñen establecidos procedementos internos adecuados para previr e impedir a realización de operacións relacionadas co branqueo de capitais e procedementos establecidos no caso de que as leis ou regulamentos locais impidan ou fagan ineficaces aqueles.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

#### 12. *Axentes e outros mediadores*

a. Manuais de procedementos aplicables a axentes, mediadores e outros representantes, sinalando as especificidades respecto á normativa interna xeral descrita no número 1, con indicación expresa do ámbito de aplicación, forma de distribución entre axentes mediadores e outros representantes, e datas de aprobación, entrada en vigor e última actualización.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

b. Medidas de control da actuación de axentes, mediadores e outros representantes e o seu cumprimento da normativa de prevención do branqueo de capitais.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

c. Política de formación de axentes, mediadores e outros representantes nos termos previstos no número 10.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

d. Resumo dos aspectos relativos á prevención do branqueo de capitais incluídos nas cláusulas contractuais contidas nos contratos de axencia ou mediación.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

#### 13. *Verificación interna*

a. Labor da auditoría interna en relación cos órganos responsables da prevención do branqueo de capitais, con indicación expresa das persoas encargadas, contido, periodicidade, se se realiza presencialmente ou a distancia, e entidades auditadas.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

b. No caso dos suxeitos obrigados polo réxime especial que opten por realizar o exame externo cada tres anos, descrición das principais conclusións do último informe interno anual polo cal se avalía a efectividade operativa dos seus procedementos e órganos de control interno e comunicación.

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

#### 14. *Outros aspectos relevantes non cubertos polos números anteriores*

i. descrición;

ii. valoración da eficacia operativa;

iii. deficiencias detectadas; rectificacións ou mello-  
ras propostas.

Madrid, 31 de xullo de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.